



SIGNOS DE ALARMA E TEA

Dentro dos trastornos do neurodesenvolvemento encóntrase o Trastorno do Espectro Autista (TEA), que se caracteriza polas dificultades na comunicación e interacción social, ademais da presenza de patróns de comportamento repetitivos e intereses restrinxidos, condicionando o desenvolvemento global do neno ou a nena. Por todo elo, a detección e intervención temperá é fundamental.

Hai determinados signos que poden axudarnos a identificar que algo está afectando ao desenvolvemento dos nosos pequenos e das nosas pequenas como son:

- Non establece contacto visual.
- Non se xira ante o seu nome.
- Non participa en xogos circulares como palma-palmiñas ou cucústras.
- Non sinala para pedir ou compartir intereses cos adultos.
- Non mira cara onde os adultos sinalan.
- Non mostra obxectos aos adultos.
- Non amosa interese por outros nenos e outras nenas.
- Non imita ou repite condutas.
- Amontoa, aliña ou clasifica xoguetes por algunha característica en particular.
- Presenta intereses moi marcados en relación a un tema (dinosaurios, coches, etc.)
- Antes dicía palabras e agora xa non.
- Moléstase por pequenos cambios nas súas rutinas (cambiar o camiño para chegar á escola) ou disposición dos xoguetes, ou o cambio da marca do iogur.
- Presenta rituais ou manías.
- Interésase por unha parte dos obxectos (por exemplo, cousas que xiran como as rodas do coche).
- Reacciona de formas inusuais a sons, texturas, olores, sabores...

Se se observan algúns destes signos en idades comprendidas entre os 12 meses e os 24 meses é importante acudir á pediatría para poder valorar os mesmos e poder dar unha resposta axustada ás necesidades da crianza.